



## CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15  
27611 Paradelas  
Tfno: 982 54 11 01/96  
Fax: 982 54 12 32 / 07  
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

**ACTA Nº 5/2013**

**CONCELLO DE PARADELA**

**PROVINCIA DE LUGO**

### **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA VINTE E SEIS DE SETEMBRO DE DOUS MIL TRECE.**

En Paradelas, a vinte e seis de setembro de 2013.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as trece horas e cinco minutos, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D<sup>a</sup> SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO.
- D. GUILLERMO CASTRO GONZÁLEZ
- D. ELISEO LÓPEZ RODRÍGUEZ
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> TERESA VEIGA RODRÍGUEZ
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> MONTSERRAT MULET SAR
- D. SECUNDINO PÉREZ LÓPEZ
- D. MANUEL REGUEIRO LÓPEZ
- D. BENJAMÍN LÓPEZ MATO
- D. SENÉN LÓPEZ GARCÍA

Ausentes: D<sup>a</sup>. ANA BELÉN LÓPEZ ÁLVAREZ, xustificando a súa ausencia por motivos de traballo.

Asiste o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que da fe do acto.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

#### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 18 DE XULLO DE 2013.**

Polo Sr. Alcalde, que preside a sesión, procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 18 de xullo de 2013, da que as minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Toma a palabra a voceira do Grupo Municipal Socialista para facer unha aclaración respecto da acta no punto cuarto, en relación co dito da subvención das festas da Parroquia de Castro de Rei, quen dixo que sería mellor repartir coas outras parroquias foi ela e non o seu compañeiro de grupo municipal D. Guillermo Castro González.

A continuación, sométese a aprobación da acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 18 de xullo de 2013.

O resultado foi de aprobación pola unanimidade dos dez Concelleiros, (oito do Grupo Municipal do Partido Popular e dous do Grupo Municipal Socialista) que asisten á sesión, sendo once o seu número legal de membros.

## **2º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIONS DE ALCALDÍA.**

Neste punto da orde do día, procedeuse a dar conta das distintas Resolucións de Alcaldía emitidas dende o derradeiro Pleno, postas a disposición dos concelleiros, xunto coa restante documentación sometida a exame plenario.

O Pleno dase por enterado.

## **3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 10/2013, BAIXO A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO ENTRE PARTIDAS DE GASTOS DE DISTINTAS ÁREAS DE GASTO.**

O Sr. Alcalde fai un resumo da proposta de alcaldía cuxo contido se reflicte a continuación, dicindo ademáis que a baixa na partida de inversión 1.61 era a contía prevista para facer a obra de acondicionamento do campo de da festa da Paroquia de Castro de Rei, pero o expediente ten que ir a Patrimonio así como é necesaria unha modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal, polo que se prevé a súa execución para o ano seguinte se ben xa se está traballando nestes temas.

Consta no expediente a seguinte proposta de Alcaldía

“Vista a execución do orzamento 2013, analizados os saldos dipoñibles nas distintas partidas orzamentarias dentro de cada área de gasto, observáse a necesidade de transferir crédito entre as distintas partidas das áreas de gasto, xa que nalgunhas existe un saldo disponible que excede do que se prevé que se vai a gastar, mentras que noutras partidas ese saldo considerase insuficiente para facer fronte aos gastos que se pretende executar no que resta do exercicio de 2013.

O que se propón e transferir créditos destinados á inversións de reposición de infraestructuras e bens destinados ao uso xeral; dende a área de gasto 1 (servizos públicos básicos) xa que se preveu no orzamento inicial un importe de 60.000,00 €; a área de gasto 2 relativa a actuacións de protección e promoción social co fin de dotar crédito na partida 2.22 para facer fronte aos gastos derivados pola maior prestación do servizo de axuda no fogar (tanto polo número de beneficiarios coma de horas do servizo); nas partidas 2.13 e 2.16 de persoal laboral e cotas da Seguridade Social do persoal a contratar dos programas de cooperación na parte non financiada pola subvención e na partida 4.21 relativa a actuacións de carácter económico de reparación, mantemento e conservación de estradas locais.

Tendo en conta o exposto, emítase informe pola Secretaria-Intervención sobre a seguinte proposta de transferencia de crédito:

**Destá forma propónse realizar unha modificación do orzamento, baixo a modalidade de transferencia de crédito entre partidas de gastos de distintas áreas de gasto, por importe de 55.000,00 euros, co seguinte detalle:**



## CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15  
27611 Paradelas  
Tfno: 982 54 11 01/96  
Fax: 982 54 12 32 / 07  
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

### Altas en Partidas de Gastos:

Partida		Descripción	Importe Euros
Funcional	Económica		
2	13	Actuacións de protección e promoción social. Persoal laboral.	3.600,00
2	16	Actuacións de protección e promoción social. Persoal laboral. Coutas, prestacións, gastos sociais.	600,00
2	22	Actuacións de protección e promoción social. Gastos correntes. Material, subministrados e outros.	15.800,00
4	21	Actuacións de carácter económico. Gastos correntes. Reparación, mantemento e conservación.	35.000,00

### Baixas en partida de gastos:

Partida		Descripción	Importe Euros
Funcional	Económica		
1	61	Servizos públicos básicos. Inversión de reposición de infraestructuras e bens destinados ao uso xeral	50.500,00
3	13	Producción de bens públicos de carácter preferente. Persoal laboral.	1.400,00
3	16	Producción de bens públicos de carácter preferente. Persoal laboral. Coutas, prestacións, gastos sociais.	600,00
9	62	Actuación de carácter xeral. Inversión nova asociada ao funcionamento operativo dos servizos	2.500,00

En base a normativa citada, e ao informe emitido pola Secretaría Intervención, esta Alcaldía eleva ao Pleno a seguinte Proposta:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 9/2013, segundo de competencia de Pleno, e segundo baixo a modalidade de transferencia de crédito entre partidas de gastos de distintas áreas de gasto, de acordo co seguinte resumo:

### Créditos a minorar:

Partida		Descripción	Importe Euros
Funcional	Económica		
1	61	Servizos públicos básicos. Inversión de reposición de infraestructuras e bens destinados ao uso xeral	50.500,00
3	13	Producción de bens públicos de carácter preferente. Persoal laboral.	1.400,00
3	16	Producción de bens públicos de carácter preferente. Persoal laboral. Coutas, prestacións, gastos sociais.	600,00
9	62	Actuación de carácter xeral. Inversión nova asociada ao funcionamento operativo dos servizos	2.500,00

Créditos a incrementar:

Partida		Descripción	Importe Euros
Funcional	Económica		
2	13	Actuacións de protección e promoción social. Persoal laboral.	3.600,00
2	16	Actuacións de protección e promoción social. Persoal laboral. Coutas, prestacións, gastos sociais.	600,00
2	22	Actuacións de protección e promoción social. Gastos correntes. Material, subministros e outros.	15.800,00
4	21	Actuacións de carácter económico. Gastos co- rrentes. Reparación, mantemento e conservación.	35.000,00

**SEGUNDO.-** Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Paradela a 20 de setembro de 2013. O Alcalde-Presidente. Asdo.: José Manuel Mato Díaz”.

Non producíndose debate algún, a proposta resulta aprobada pola maioría absoluta cos votos a favor dos oito membros do Grupo Municipal do Partido Popular e a abstención dos dous membros do Grupo Municipal Socialista, sendo once o número legal de membros.

#### **4º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO REXEITAMENTO DOS COMEDORES ESCOLARES.**

Procédese neste punto da orde do día, a lectura da Moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Socialista instando ao rexeitamento do repagamento dos comedores escolares, co seguinte tenor literal:

*“O Grupo Municipal socialista no Concello de Paradela en base ao disposto nos artigos 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta diante do Pleno da Corporación esta MOCIÓN, en base a seguinte:*

##### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O pasado día dous de xullo notificouse á dirección do C.E.I.P. San Miguel de Paradela pesar de que a Lei de Educación afirma con rotundidade que o transporte e o comedor para os nenos que teñan que desprazarse ha de ser gratuíto, o Partido Popular aprobou un decreto polo que instaura o copagamento nos comedores escolares.*

*O Conselleiro de Educación utiliza o argumento de que “paga máis quen máis ten para estender e endurecer un repago polo uso dos comedores escolares nun novo ataque á clase media traballadora polo uso dun servizo básico educativo. Esta medida suporá, por exemplo, que moitas familias con dous fillos teñan que pagar 198 € polo uso do comedor no vindeiro mes de abril do ano 2014.*



## CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15  
27611 Paradela  
Tfno: 982 54 11 01/96  
Fax: 982 54 12 32 / 07  
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

*En lugar de incrementar o IPF para as rentas máis altas ou crear un ovo imposto á banca, a Xunta de Galicia prefire subir as taxas polo uso dos comedores escolares ao tempo que despide a miles de profesores e sa gasta máis de 3 millóns de euros ao ano na subvención de colexios vinculados á igrexa e declarados ilegais por segregación ao seu alumnado por razón de sexo ou manter intactos o 28 millóns de € que destinan ao ensino da relixión nos colexios.*

*Polo exposto, e ante o novo ataque do partido Popular aos cidadáns galegos, o Grupo Municipal Socialista presenta para o seu debate e posterior aprobación a seguinte*

### **MOCIÓN**

*O Concello de Paradela manifesta o seu total rexeitamento ao repagamento do servizo de comedor escolar establecido pola Xunta por ser un atentado contra a igualdade de oportunidades e prexudicar especialmente ao alumnado do medio rural.*

*En Paradela a 19 de setembro 2013 Asdo. Sonsoles López Izquierdo. Voceira do Grupo do PSdeG-PSOE no Concello de Paradela.*

*ALCALDE DO CONCELLO PARADELA”.*

Toma a palabra Dona Sonsoles López Izquierdo, voceira do Grupo Municipal Socialista dicindo que volven a traer esta Moción porque empezado o curso volta a ser un tema de enfrontamento e conmoción, xa que é unha medida que xera desigualdades nos que uns pagan outro non, uns pagas unhas contías e outros outras diferentes.

Continúa dicindo que o Goberno o que ten que facer é recadar e redistribuír equitativamente e non ir cada vez que se quere un servizo coa declaración da renda.

O comedor este ano e seguramente o transporte o ano que ven, ogallá me equivoque, serán de pago; e tanto un coma o outro, son servizos que forman parte da educación, un servizo práctico e ideolóxico para ensinar dende pequenos de que todos temos dereito aos mesmos servizos.

Sen embargo o goberno destina tres millóns de euros para escolas que non cumpren coa ética básica e 28 millóns para profesores de relixión, de feito os pequenos teñen dúas horas semanais de clase de relixión mentres que de música e educación artística só unha e de educación física dúas; cando xa se sabe que estas materias son moi importantes no desenvolvemento das capacidades dos pequenos. A educación relixiosa ten que ser nos locais confesionais.

Trátase dunha taxa cun fin unicamente recadatorio, xa que a Xunta paga 2,05 € por menú e os cartos que pagan a maiores non van para o comedor nin ao colexio. Teñen que ser servizos públicos e gratuítos.

O Sr. Alcalde toma a palabra dicindo que o seu Grupo non está de acordo coa Moción, xa que o goberno o que está a facer é corrixir as deficiencias herdadas e tratando de xerar recursos, facendo pagar máis ao que máis ten.

A continuación o Alcalde procedeu a dar lectura do Decreto da Xunta no apartado aos suxeitos exentos do pago así como o que lle corresponde a cada familia en función do número de nenos e do nivel de renda anual neta per cápita.

Dirixíndose á voceira do Grupo Municipal Socialista dille que coas flores que lle está a botar a igrexa, hai que ver a onde levan os seus pequenos os seus compañeiros de partido. Sinalando ademais que o goberno está indo polo bo camiño e así o din os resultados.

Dona Sonsoles López, replica dicindo que cando o servizo é privado cada un vai onde lle peta, dicíndolle ao Alcalde que se centre no debate e preguntándolle en que planeta vive xa que hai unha manifestación diferente cada día en Santiago, onde todo o país está revoltado e non entende porque o Alcalde se adica a romper lanzas por particulares que non necesitan o seu apoio e non o fai por un colectivo como é o colexio, que non o defende nada e para ningunha cuestión.

O Sr. Alcalde resposta dicindo que todo o que di e froito das ilusións da súa cabeza, e as actuacións do alcalde non é ir dando á prensa información para ter titulares, dicíndolle que siga por ese camiño que vai moi ben.

A continuación, procédese á votación da Moción que resulta rexeitada cos oito votos en contra dos membros do Grupo Municipal do partido Popular, polos dous votos a favor dos membros do grupo Municipal Socialista, sendo once o número legal de membros da Corporación.

#### **5º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se presentaron formalmente preguntas por escrito, se ben dase a posibilidade de poder facelo neste intre.

Dona Sonsoles López Izquierdo, voceira do Grupo Municipal Socialista pregunta se xa existe o proxecto de obra do que se vai a facer no campo da Festa de Castro de Rei en Mosteirovello.

O Sr. Alcalde di que se tome nota da mesma para a súa contestación no seguinte Pleno.

**E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as trece horas e vinte e cinco minutos do vinte e seis de setembro de dous mil trece, esténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.**

Visto e praxe  
O Alcalde



*[Handwritten signature in blue ink]*

O Secretario-Interventor

*[Handwritten signature in blue ink]*

